

CARTA DUN EMIGRANTE A BASILIO LOSADA

Xosé Neira Vilas

Querido Basilio, vello amigo:

Agora resido en Galicia, pero andei corenta e tres anos dando ó zoco sobre o mapa de América (e sigo cruzando o Atlántico cada certo tempo); por eso aínda me considero un emigrante. Tamén ti o es, anque non fuches dar tan lonxe, e ademais puidiches formarte na Universidade de Barcelona, á que tanto chegarías a aportar.

Galicia nunca alcanzará a pagarche o que che debe, o que debemos todos, pola túa presenza e o teu facer como extraordinario embaixador en Cataluña. A túa obra múltiple, a un tempo galega e universal, como profesor, escritor, divulgador da nosa historia e da nosa cultura non é facilmente medible.

En América teño mostrado os teus libros e téñolles falado a moitos do teu inxente labor e da túa fidelidade á patria orixinaria.

Coñecémonos hai ben anos, e sinto por ti unha grande estima. Conservo un ramallete de cartas túas nas que Galicia anda arreo como motivación transcendente e apaixonada. As nosas coincidencias e a nosa amizade fóronse consolidando por vía epistolar. E xa daquela publicaches artigos sobre o meu modesto facer, e incluíches-me en escolmas poéticas como a de *Claraboya* e a que publicou Ocnos, por citar só dous casos. Prologaches a miña novela *Remuíños de sombras*. Traduciches o meu *Espantallo amigo* (que eu lles dedicara a Elena e David, daquela uns cativos). Fuches xurado en Zaragoza cando me outorgaron o Premio da Crítica Española de narrativa. Eu teño en moito a túa xenerosidade, exercida cun escritor emigrante que, no noso mundo e naqueles anos, equivalía a poucos menos que a esquecido, marxinado.

No outono de 1972, cando volví a Galicia, con Anisia, despois de vinte e catro anos de ausencia, invitáchesnos a Barcelona. Era a primeira vez que eu arribaba á cidade condal. Durante unhas horas percorrí contigo e grazas a ti ramblas, museos, Gaudí, edificios e barrios históricos, Montjuïc... Ata vimos bailar a sardana diante da catedral. E falei no Centro Galego, a partir de preguntas túas, cumprindo máis ou menos as indicacións do Goberno Civil, que aprobou a última hora a celebración do acto, coa condición expresa de que non houbese coloquio final. Recordo que había moita xente, e que entre outros amigos estaban Díaz Pardo, Ricard Salvat e Mireia Montané.

Despois daquel encontro seguímonos escribindo, e vímonos varias veces en Galicia, e en 1994, en que se lle dedicaron as Letras Galegas ó noso común amigo Luís Seoane, invitáchesme, a través de Camilo Valdeorras, para falar do gran artista e poeta en Barcelona, e lamentei que non puidera ser debido a que nos mesmos días tiven que viaxar, con idéntica finalidade, a tres cidades suízas. Tamén lamentei non coincidir contigo en Buenos Aires cando alá fuches. Cadroume de voltar á gran cidade do Prata anos despois e souben que te seguían recordando con afecto. En fin, querido amigo, van estas palabras -que din só unha pequena parte do moito que podo dicirche de ti e da túa exemplar traxectoria- no teu xubileo. Ben sei que xubilación e retiro non son sinónimos, e sei, securiño, que Galicia e todos nós podemos seguir contando co teu valioso e singular aporte.

Unha forte, entrañable e aperta, que é tamén de Anisia.

Hemos tratado de recopilar, ya sea de viva voz, por carta o por correo electrónico, todo lo que hemos podido para poder entregárselo en el día de su jubileo como recuerdo de todos estos estudiantes y docentes de por siempre. Para nuestros estudiantes siempre ha sido el centro de atención, al menos a lo largo del afecto de cuantos le han conocido. Se quería en él, como se ve, el apoyo de los de su mismo para que le entendieran el trabajo que les daba. Así mismo, recibían comentarios y muestras de aprobación por parte de los docentes. Las últimas evaluaciones hechas por ellos han sido muy positivas y han sido de un profesor inolvidable.

El trabajo de los estudiantes se ha realizado en todas las clases de tal manera que cuando ellos se han ido, han dejado un recuerdo de las operaciones y comen-